

4º ESO ARTES ESCÉNICAS E DANZA

ÍNDICE PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA.

1. Contextualización e Introducción.

2. Contribución ao desenvolvemento das **competencias** clave.

Concreción que recolla a relación dos **estándares** de **aprendizaxe avaliados** da materia que forman parte dos perfís competenciais.

Competencias de Dramatización en Educación Secundaria

3. Concreción, de ser o caso, dos **obxectivos** para o curso.

4. Concreción para cada estándar de aprendizaxe avaliada de:

- Temporalización.
- Grao mínimo de consecución para superar a materia.
- Procedementos e instrumentos de avaliación.

5. Concrecións **metodolóxicas** que require a materia.

6. **Materiais** e **recursos didácticos** que se vaian utilizar.

7. Criterios sobre a **avaliación**, **cualificación** e **promoción** do alumnado.

8. **Indicadores** de **logro** para avaliar o proceso do ensino e a práctica docente.

9. Deseño da **avaliación inicial** e medidas individuais ou colectivas que se poidan adoptar como consecuencia dos seus resultados.

10. Medidas de **atención á diversidade**.

11. Concreción dos **elementos transversais** que se traballarán no curso.

12. Actividades **complementarias** e **extraescolares** programadas por cada departamento didáctico.

13. Mecanismos de **revisión**, **avaliación** e **modificación** das programacións didácticas en relación cos resultados académicos e procesos de mellora.

CONTEXTUALIZACIÓN.

MARCO NORMATIVO. ARTES ESCÉNICAS E DANZA. MATERIA ESPECÍFICA DO CURRÍCULO DE 4º ESO.

A Lei orgánica 8/2013, do 9 de decembro, para a mellora da calidade educativa, modificou a Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, e estableceu unha nova organización da educación secundaria obrigatoria e do bacharelato.

O Real decreto 1105/2014, do 26 de decembro, estableceu o currículo básico desas dúas etapas.

O Decreto 86/2015, do 25 de xuño, estableceu o currículo da educación secundaria obrigatoria e do bacharelato na Comunidade Autónoma de Galicia.

No calendario de implantación derivado do novo marco normativo estableceuse que no curso escolar 2015/16 se implantasen as modificacións no currículo, a organización, os obxectivos, os requisitos para a obtención de certificados e títulos, os programas, a promoción e as avaliacións de educación secundaria obrigatoria para os cursos primeiro e terceiro. Os cursos segundo e cuarto realizarían ditas modificacións no curso escolar: 2016/17.

Artes Escénicas e Danza pertence ao bloque de materias específicas do currículo de 4º de ESO.

INTRODUCCIÓN.

A área de Artes Escénicas e Danza abarca aquelas disciplinas destinadas ao estudo e a práctica de calquera obra escénica. Tanto a dramatización como a danza son manifestacións artísticas vinculadas a un espazo escénico, o que implica unha representación e un público. Como o resto de linguaxes artísticas constitúen un dos trazos fundamentais dunha cultura. A historia das civilizacións vese reflectida nas diferentes manifestacións escénicas desde a Antigüidade até os nosos días. A súa función, principalmente ritual e purificadora nas súas orixes, enriqueceuse notablemente ao longo do tempo incorporando novas opcións en todos os ámbitos. Nas sociedades modernas, abertas e democráticas, as técnicas e as regras de uso evolucionaron e xeraron novas estratexias expresivas.

Actualmente utilízanse as artes escénicas de maneiras moi diversas, tanto desde o punto de vista do público como dos intérpretes: para reflexionar, comprenderse, evolucionar e relacionarse entre si, entre outras moitas opcións.

Na Sociedade da Información e a Comunicación os novos medios tecnolóxicos (Internet, dispositivos móbiles, videoxogos, etc.) favorecen a expansión do teatro e a danza ao térense multiplicado as opcións e as vías para o seu consumo e goce. O sistema educativo ha de promover o uso creativo, responsábel e crítico por parte do alumnado desas novas ferramentas tecnolóxicas en constante renovación, tanto como consumidores como produtores.

As artes escénicas permiten expresar e comunicar ideas, sentimentos e vivencias. A súa presenza na educación é fundamental xa que contribúen ao desenvolvemento humano dunha forma holística ao integrar o uso do corpo, a voz e a mirada nun espazo e un tempo determinado. Ao mesmo tempo, as Artes Escénicas nótrense de linguaxes diversas, como a literatura, a música, a plástica e as linguaxes audiovisuais, o que permite un enfoque interdisciplinar. Por todo isto, a materia favorece o desenvolvemento cognitivo, afectivo e psicomotor do alumnado. A formación escénica activa procesos como a percepción, atención, concentración e memoria. Promove o auto coñecemento e a

madurez emocional, aspectos fundamentais para afianzar a propia identidade. A interpretación aumenta a sensibilidade estética e a consciencia corporal, contribuíndo ao desenvolvemento de valores individuais como o esforzo, a constancia, a disciplina ou a toma de decisións. Pola súa banda, o traballo en grupo promove o respecto ao outro, o compromiso co grupo e a asunción de responsabilidades individuais e colectivas.

Por ser a adolescencia un momento clave do desenvolvemento, é cando as artes do movemento poden ser dunha gran axuda para lograr a autonomía persoal e a integración social do alumnado novo. A danza e o teatro facilitan:

- O proceso de madurez biolóxica (mediante a construción do novo esquema corporal a través da consciencia corporal e o desenvolvemento de capacidades físicas).
- A madurez psicolóxica (reafirmando a auto imaxe e a auto estima).
- A madurez social cara á etapa adulta (promovendo a autonomía e a socialización desde unha comunicación non verbal).

A materia ten dous principais contextos de aplicación. Por unha banda o contexto persoal desde a dimensión humanizadora das artes, e por outra un contexto público e social, xa que tanto o estudo e práctica das artes escénicas como a asistencia a representacións relacionan o alumno co entorno e axúdanlo a entender mellor o mundo que o rodea a través da cultura. Tamén está relacionada con contextos académicos e profesionais, sendo unha excelente primeira toma de contacto para o alumnado que queira seguir un itinerario académico artístico ou unha formación profesional especializada; ademais de dotar o alumnado de habilidades necesarias noutras ramas profesionais, como a social, a educación física, humanidades (psicoloxía, filoloxía, historia, docencia), etc.

Alén diso, a inclusión das artes escénicas como materia optativa favorece a motivación do alumnado de Secundaria pola súa metodoloxía lúdica, pola vinculación afectiva que se crea no grupo e por ter un obxectivo práctico directo: a representación. Todo isto fai que se estableza unha relación interpersoal de achegamento e confianza entre os estudantes e o profesorado.

Fronte ao carácter máis global das artes escénicas e a danza en Primaria, onde a materia está integrada dentro doutras materias dunha maneira xeral, a proposta en Secundaria permite un enfoque máis diferenciado á hora de comprender as distintas manifestacións escénicas, tendo en conta o maior nivel de abstracción do alumnado. Esta diferenciación non impide, porén, que o enfoque da materia sexa vivencial e práctico, traballando todos os contidos desde o paradigma de “aprender facendo”.

Os elementos do currículo básico organizáronse nos bloques **Común, Teatro, Danza e Outras artes escénicas**. Todos eles están relacionados entre si, xa que comparten múltiples elementos, pero esta división permite facer máis abordable o seu estudo.

O bloque **Común** aporta elementos comúns a todas as áreas e relaciona as artes escénicas entre si, e coa cultura e a historia. Promove o coñecemento de obras escénicas do patrimonio galego, español e universal, e fomenta o respecto, a tolerancia e a solidariedade tanto cara aos compañeiros, grazas á metodoloxía cooperativa, como cara á arte doutras culturas e sociedades.

O bloque **Teatro** inclúe unha aproximación aos diferentes estilos e xéneros teatrais, e a improvisación e a interpretación teatral a través da expresión vocal e corporal. Isto permite ao alumnado representar diferentes situacións e personaxes de maneira creativa utilizando unha técnica adecuada.

No bloque **Danza** descóbrese a danza a través do recoñecemento dos diferentes estilos, xunto á improvisación e a creación coreográfica atendendo á consciencia corporal e ao condicionamento psicomotor.

O bloque **Outras artes escénicas** presenta recursos e características doutras artes escénicas, valorando a hibridación de linguaxes e o uso de novas tecnoloxías aplicadas á escena.

Por outra banda , estes bloques vertébranse sobre **tres eixos** fundamentais:

1. Un eixo **teórico-conceptual** centrado no coñecemento dos fundamentos históricos e estéticos das diversas manifestacións escénicas así como o contexto das obras artísticas máis representativas. Contempla os diversos ámbitos profesionais vinculados ás artes escénicas (artístico-interpretativos, creativos, educativos, sociais e terapéuticos) e as distintas fases de produción dun proceso creativo escénico. Estes coñecementos conceptuais contribuirán a aumentar o acervo cultural especializado do alumnado así como a súa capacidade de análise, reflexión e crítica. Isto permitiralle formular opinións ben argumentadas sobre temas relacionados coa materia.
2. Un eixo **práctico-expresivo** baseado na adquisición de destrezas relacionadas coa interpretación propia do teatro, a danza e doutras artes escénicas. Desenvólvense aprendizaxes significativas a través de procedementos de carácter cíclico e progresivo que aseguren o coñecemento e aplicación das diferentes técnicas de representación e de danza. A súa orientación propedéutica parte dos principios, teorías, estilos e elementos característicos de cada disciplina artística para desenvolver as capacidades físicas, técnicas e interpretativas do alumnado.
3. Un eixo **creativo-artístico** mediante a realización de improvisacións así como a composición coreográfica e de escenas dramáticas. A organización de proxectos de posta en escena permite o desenvolvemento das capacidades creativas e expresivas do alumnado a través do uso das diferentes linguaxes escénicas. A isto hai que engadir o achegamento ao alumnado dos diversos elementos da posta en escena (espazo escénico, sonoro, luminotecnia, caracterización) o que favorece a apreciación da influencia e interdependencia con outras artes.

CONTRIBUCIÓN AO DESENVOLVEMENTO DAS COMPETENCIAS CLAVE.

Debido ao seu carácter integral, a área contribúe ao desenvolvemento de todas as **competencias** clave, pero sobre todo á competencia **Conciencia e expresións culturais**. Permite unha mellor comprensión do feito escénico e o seu goce a través dos procesos de expresión. O contacto coas principais obras de distintos períodos e estilos, coñecendo as súas características e as súas relacións coa sociedade na que se crean promove a creación dunha identidade cultural. Por outra banda, poténcianse actitudes abertas e respectuosas, establecendo conexións con outras linguaxes artísticas.

AEDB1.1.1. Coñece e explica a función da danza, o teatro e outras artes escénicas en situacións e contextos diversos (actos da vida cotiá, espectáculos, medios de comunicación, etc.).

AEDB1.1.2. Reflexiona sobre as artes escénicas e a danza como un medio de intervención e transformación da realidade e da conciencia social.

AEDB1.2.1. Valora o legado do patrimonio artístico español, comprendendo a importancia da súa preservación e transmisión.

AEDB1.4.1. Analiza e comenta os espectáculos de danza, teatro e outras artes escénicas aos que se asistiu, en relación cos contidos estudados.

AEDB1.5.2. Entende as artes escénicas e a danza como un espazo activo de escoita e de diálogo, procurando modos de expresión máis aló da palabra.

AEDB2.1.1. Recoñece e describe as características dos estilos e das formas de danza e de teatro.

AEDB2.2.2. Coñece e escenifica os estilos e as técnicas escénicas que fomentan o autocoñecemento, a creatividade, a emoción e a conciencia corporal.

AEDB2.3.1. Utiliza con rigor os elementos e as calidades do movemento na improvisación teatral.

AEDB2.3.3. Utiliza a improvisación como técnica de creación dramática e teatral.

AEDB3.1.1. Recoñece, clasifica e sitúa no tempo, na cultura e no estilo as danzas e os espectáculos vistos previamente na aula.

AEDB3.2.2. Integra pautas de conciencia corporal e de control de movemento traballadas na aula.

AEDB3.3.1. Utiliza con rigor os elementos e as calidades do movemento na improvisación da súa danza.

Tamén contribúe á competencia **Sentido de iniciativa e espírito emprendedor** ao poñer en xogo habilidades de planificación, innovación e xestión de proxectos a través do desenvolvemento da imaxinación e a creatividade. Nos moitos proxectos posíbeis a desenvolver promóvense habilidades tales como a asunción de riscos, a resolución de problemas, a perseveranza, o sentido da responsabilidade, a autoavaliación e a capacidade de liderado, factores clave para a adquisición desta competencia.

AEDB1.4.1. Analiza e comenta os espectáculos de danza, teatro e outras artes escénicas aos que se asistiu, en relación cos contidos estudados.

AEDB2.2.1. Aplica as habilidades técnicas necesarias nas actividades de interpretación dun repertorio variado de teatro en grupo, incorporando a expresión xestual, oral e cinética, e desenvolvendo unha partitura escénica.

AEDB2.2.3. Colabora co grupo e respecta as regras fixadas para lograr un resultado acorde coas súas propias posibilidades.

AEDB2.4.1. Participa nas actividades de grupo.

AEDB3.3.2. Elabora e presenta con rigor e precisión pequenas estruturas coreográficas, en grupos pequenos, medianos e grandes.

AEDB4.1.1. Recoñece e describe as artes escénicas e as súas manifestacións.

Respecto á competencia de **Comunicación lingüística** desenvolve destrezas, tanto para a obtención de información a través da lectura a partir de fontes diversas e a produción de textos en diferentes formatos, como para expresar feitos, sentimentos ou opinións a través da escrita, a escoita e o diálogo. Por outro lado, na medida que constitúen linguaxes cun código propio, as artes escénicas contribúen á aprendizaxe dun vocabulario básico.

AEDB1.5.1. Demostra riqueza comunicativa verbal e non verbal.

AEDB2.3.2. Utiliza a improvisación como medio para explorar a situación, o conflito, o

personaxe e a acción.

AEDB3.1.1. Recoñece, clasifica e sitúa no tempo, na cultura e no estilo as danzas e os espectáculos vistos previamente na aula.

AEDB3.3.2. Elabora e presenta con rigor e precisión pequenas estruturas coreográficas, en grupos pequenos, medianos e grandes.

AEDB4.1.1. Recoñece e describe as artes escénicas e as súas manifestacións.

En canto á **Competencia dixital**, desenvólvese a través da busca e selección de información sobre as artes escénicas, mediante os medios e fontes adecuadas. Tamén mediante o coñecemento e aplicación das técnicas de edición dixital, diferenciando os distintos formatos de vídeo. Por outra banda, potenciase o uso das diferentes formas de comunicación en canto á creación e difusión de contidos escénicos, tendo en conta cuestións éticas como a identidade dixital, os dereitos de autor e as licenzas de uso.

AEDB1.3.1. Recoñece e aplica os beneficios experimentados que achegan a danza e o teatro á saúde física e psíquica.

AEDB2.1.1. Recoñece e describe as características dos estilos e das formas de danza e de teatro.

AEDB3.1.1. Recoñece, clasifica e sitúa no tempo, na cultura e no estilo as danzas e os espectáculos vistos previamente na aula.

As **Competencias sociais e cívicas** desenvólvense dunha forma moi notable no eixo teórico-conceptual da materia. A participación en actividades escénicas de representación e creación en grupo promove a adquisición de habilidades sociais. A materia contribúe a desenvolver a propia identidade cultural, e a valoración do alumnado polo seu entorno artístico. Pola súa banda, a toma de contacto cunha ampla variedade de obras favorece o coñecemento de diferentes culturas, e desenvolve a tolerancia e a superación de prexuízos.

AEDB1.1.1. Coñece e explica a función da danza, o teatro e outras artes escénicas en situacións e contextos diversos (actos da vida cotiá, espectáculos, medios de comunicación, etc.).

AEDB1.5.2. Entende as artes escénicas e a danza como un espazo activo de escoita e de diálogo, procurando modos de expresión máis aló da palabra.

AEDB2.2.1. Aplica as habilidades técnicas necesarias nas actividades de interpretación dun repertorio variado de teatro en grupo, incorporando a expresión xestual, oral e cinética, e desenvolvendo unha partitura escénica.

AEDB2.2.3. Colabora co grupo e respecta as regras fixadas para lograr un resultado acorde coas súas propias posibilidades.

AEDB2.4.1. Participa nas actividades de grupo.

Á súa vez a competencia **Aprender a aprender** cos seus compoñentes de motivación intrínseca, organización, xestión, planificación estratéxica e a aprendizaxe en grupo adquirese a través dos eixos práctico interpretativo e creativo artístico.

AEDB1.1.2. Reflexiona sobre as artes escénicas e a danza como un medio de intervención

e transformación da realidade e da conciencia social.

AEDB1.2.1. Valora o legado do patrimonio artístico español, comprendendo a importancia da súa preservación e transmisión.

AEDB1.6.1. Amona interese por construír unha personalidade autónoma e independente.

AEDB2.2.2. Coñece e escenifica os estilos e as técnicas escénicas que fomentan o autocoñecemento, a creatividade, a emoción e a conciencia corporal.

AEDB2.3.1. Utiliza con rigor os elementos e as calidades do movemento na improvisación teatral.

AEDB2.3.2. Utiliza a improvisación como medio para explorar a situación, o conflito, o personaxe e a acción.

AEDB2.3.3. Utiliza a improvisación como técnica de creación dramática e teatral AEDB2.4.2.

Interpreta e memoriza un repertorio variado de teatro en grupo.

AEDB3.2.1. Interpreta e memoriza un repertorio variado de danzas en grupo.

AEDB3.2.2. Integra pautas de conciencia corporal e de control de movemento traballadas na aula.

AEDB3.3.1. Utiliza con rigor os elementos e as calidades do movemento na improvisación da súa danza.

AEDB3.3.2. Elabora e presenta con rigor e precisión pequenas estruturas coreográficas, en grupos pequenos, medianos e grandes.

AEDB4.1.1. Recoñece e describe as artes escénicas e as súas manifestacións.

AEDB4.1.2. Recoñece e diferencia as artes escénicas no seu conxunto, en función das súas características específicas e singulares.

Con respecto á **Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía** a materia contribúe á súa adquisición coa adopción dunha actitude adecuada para lograr unha vida física e mental saudábel nun contorno natural e social.

AEDB1.3.1. Recoñece e aplica os beneficios experimentados que achegan a danza e o teatro á saúde física e psíquica.

AEDB2.4.2. Interpreta e memoriza un repertorio variado de teatro en grupo.

Competencias	AED
Conciencia e expresións culturais	30%
Sentido de iniciativa e espírito emprendedor	20%
Comunicación lingüística	20%
Competencia dixital	5%
Competencias sociais e cívicas	10%
Aprender a aprender	10%
Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía	5%

Competencias de Dramatización Competencia de Expresión Corporal

1. Encontrar diferentes maneiras de moverse para realzar a interpretación dun personaxe dado e para crear uns efectos específicos.
2. Elixir e usar técnicas de movemento específicas para exteriorizar e comunicar sensacións, sentimentos e ideas, adaptando o movemento en resposta a diferentes circunstancias dadas.
3. Demostrar fluidez proporcionando distintas respostas de movemento ante unha situación e un tempo limitados.
4. Demostrar flexibilidade nos movementos incorporando niveis, velocidade, intensidade e direccións diferentes nas actividades de movemento.
5. Mostrar desinhibición e espontaneidade nas actividades de movemento.

Competencia de Expresión Oral

1. Encontrar diferentes maneiras de utilizar a voz para realzar a interpretación dun personaxe e para crear efectos concretos.
2. Elixir e utilizar técnicas de voz específicas e de efectos vocais adecuados en resposta a unha interpretación concreta e a diferentes circunstancias.
3. Proxectar a voz apropiadamente no espazo do obradoiro con intención de comunicar.
4. Empregar unha articulación e dicción claras para elaborar a caracterización dun personaxe ou situación.
5. Sonorizar poemas, situacións, imaxes, etc.
6. Realizar a lectura expresiva e interpretativa de textos dados.

Competencia de Improvisación

1. Combinar palabra, xesto e movemento para realizar unha interpretación eficaz e para caracterizar un personaxe.
2. Botar man da memoria emocional e representar xestos e expresións do corpo, voz, movemento e facer uso do espazo.
3. Elixir as formas dramáticas máis efectivas e os medios teatrais máis apropiados para representar ideas, experiencias, sentimentos, pensamentos e crenzas determinados.
4. Aplicar convencións teatrais para a caracterización de personaxes. Competencia de uso dos elementos e estruturas da linguaxe dramática.
5. Planificar e representar escenas con coherencia, desenvolvendo o comezo, o medio e o final e propoñendo finais alternativos a unha situación dada.
6. Sintetizar e comunicar claramente o obxectivo ou tema dunha situación ou escena.
7. Utilizar elementos técnicos e escenográficos para realzar o efecto dramático.
8. Teatralizar textos non dramáticos (poemas, relatos, cancións, imaxes, noticias, etc.)

9. Adoptar diferentes roles teatrais (autor, actor, escenógrafo, crítico).
10. Velar polas calidades técnicas e estéticas da representación para conseguir un resultado aceptable.

Competencia de Composición Dramática: Composición Individual e Colectiva

1. Realizar a adaptación dun texto ou obra dramática curta mediante a análise e determinación do uso dos elementos estruturais da obra.
2. Facer eleccións razoadas dentro dos límites dunha situación dramática dada, enfrontándose ás dificultades e sabendo resolvelas.
3. Elaborar colectivamente textos dramáticos.
4. Participar de maneira construtiva no traballo do grupo, propoñendo e tomando iniciativas

Competencia de contextualización, análise e valoración.

1. Valorar as propias habilidades, facendo balance das adquisicións alcanzadas (técnicas, culturais e comportamentais) e tomando conciencia do propio saber expresar.
2. Analizar textos teatrais.
3. Valorar criticamente textos teatrais, espectáculos e outras manifestacións escénicas.
4. Adquirir criterios para comprender como teñen cambiado as manifestacións teatrais ao longo do tempo e como se relacionan con outros ámbitos (ciencia, relixión, sociedade, arte).

OBXECTIVOS.

1. Promover a interacción, a vida e o traballo en grupo, favorecendo o autocoñecemento e a comprensión da alteridade e da realidade social a través dos procesos de expresión, creación e comunicación dramático-teatral e da danza.
2. Estimular a toma de conciencia das propias capacidades expresivas, creativas e comunicativas a partir do traballo individual e en grupo, experimentando e investigando as diferentes linguaxes verbais e non verbais propias da expresión e a creación dramático-teatral e da danza.
3. Mostrar as capacidades e habilidades necesarias para responder con orixinalidade, espontaneidade e autonomía aos máis variados estímulos e situacións, ben na vida real ben na ficción.
4. Expresar ideas, sentimentos e pensamentos utilizando os máis variados recursos, fundamentalmente aqueles de carácter dramático, teatral e da danza.
5. Recoñecer e utilizar con rigor, coherencia e sistematicidade múltiples formas de producir e interpretar a acción dramática e a danza.
6. Demostrar o coñecemento dos conceptos básicos da linguaxe teatral e da danza.

7. Comprender as características fundamentais das diferentes formas da representación, do espectáculo teatral e da danza.
8. Crear pezas dramáticas e coreografías, de forma individual e colectiva, participando na súa posta en escena desde os diferentes roles.
9. Participar de forma activa na planificación e realización de todo tipo de actividades teatrais e de danza, asumindo diferentes roles.
10. Analizar e valorar con espírito crítico producións dramáticas, teatrais e de danza, tendo en conta o contexto social, económico e cultural no que se producen.

TEMPORALIZACIÓN, PONDERACIÓN E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN DOS ESTÁNDARES DO CURSO.

Procedementos e instrumentos de avaliación:

1. Probas obxectivas escritas.
 - Cuestionario pechado. 30%
2. Análise das producións do alumnado:
 - Traballos temáticos. 10%
 - Producións motrices.20%
 - Xogos de simulación e dramáticos.20%
3. Observación sistemática.
 - Escalas de observación. 20%

Criterio de avaliación	Estándares	Grao mínimo para superar a materia. Indicador mínimo de logro.	T 1	T 2	T 3	Instrumentos de avaliación/ Procedementos de avaliación (%)	C.C.
						Criterios para a cualificación.	
Bloque 1. Común							
B1.1.	AEDB1.1.1. Coñece e explica a función da danza, o teatro e outras artes escénicas en situacións e contextos diversos (actos da vida cotiá, espectáculos, medios de comunicación, etc.).	Coñece a función da danza, o teatro e outras artes escénicas en situacións e contextos diversos.	X			PROCEDEMENTOS: observación sistemática. 20% INSTRUMENTOS: escalas de observación	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCEC ▪ CSC
	AEDB1.1.2. Reflexiona sobre as artes escénicas e a danza como un medio de intervención e transformación da realidade e da conciencia social.	Reflexiona sobre as artes escénicas e a danza como un medio de intervención e transformación da realidade.	X			PROCEDEMENTOS: Probas obxectivas escritas. 30% INSTRUMENTOS: entrevista.	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCEC ▪ CAA
B1.2.	AEDB1.2.1. Valora o legado do patrimonio artístico galego e español, comprendendo a importancia da súa preservación e transmisión.	Valora o legado do patrimonio artístico galego e español.	X	X	X	PROCEDEMENTOS: observación sistemática. 20% INSTRUMENTOS: escala de observación.	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CAA ▪ CCEC
B1.3.	AEDB1.3.1. Recoñece e aplica os beneficios experimentados que achegan a danza e o teatro á saúde física e psíquica.	Recoñece os beneficios experimentados que achegan a danza e o teatro á saúde física e psíquica.	X	X	X	PROCEDEMENTOS: Observación sistemática. 20% INSTRUMENTOS: Escala de observación.	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CMCCT ▪ CD
B1.4.	AEDB1.4.1. Analiza e comenta os espectáculos de danza, teatro e outras artes escénicas aos que se asistiu, en relación cos contidos estudados.	Comenta os espectáculos de danza, teatro e outras artes escénicas aos que se asistiu, en relación cos contidos estudados.	X	X	X	PROCEDEMENTOS: análise das producións do alumnado. 50% INSTRUMENTOS: traballos temáticos.	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCEC ▪ CSIEE

B1.5.	AEDB1.5.1. Demuestra riqueza comunicativa verbal e non verbal.	Demuestra riqueza comunicativa verbal e non verbal.	X	X	X	PROCEDEMENTOS: observación sistemática. 20% INSTRUMENTOS: escalas de observación.	▪ CCL
	AEDB1.5.2. Entende as artes escénicas e a danza como un espazo activo de escoita e de diálogo, procurando modos de expresión máis aló da palabra.	Procura modos de expresión máis aló da palabra.	X	X	X	PROCEDEMENTOS: observación sistemática. 20% INSTRUMENTOS: escalas de observación.	▪ CSC ▪ CCEC
B1.6.	AEDB1.6.1. Aмосa interese por construír unha personalidade autónoma e independente.	Aмосa interese por construír unha personalidade autónoma .	X	X	X	PROCEDEMENTOS: observación sistemática. 20% INSTRUMENTOS: escalas de observación.	▪ CAA
Bloque 2. Teatro							
B2.1.	AEDB2.1.1. Recoñece e describe as características dos estilos e das formas de danza e de teatro.	Recoñece as características dos estilos e das formas de danza e de teatro.		X		PROCEDEMENTOS: Probas obxectivas escritas INSTRUMENTOS: Cuestionario pechado.	▪ CCEC ▪ CD
B2.2.	AEDB2.2.1. Aplica as habilidades técnicas necesarias nas actividades de interpretación dun repertorio variado de teatro en grupo, incorporando a expresión xestual, oral e cinética, e desenvolvendo unha partitura escénica.	Aplica as habilidades técnicas necesarias nas actividades de interpretación, incorporando a expresión xestual, oral e cinética.		X		PROCEDEMENTOS: análise das producións do alumnado. 50% INSTRUMENTOS: producións motrices.	▪ CSC ▪ CSIEE
	AEDB2.2.2. Coñece e escenifica os estilos e as técnicas escénicas que fomentan o autoconhecimento, a creatividade, a emoción e a conciencia corporal.	Coñece os estilos e as técnicas escénicas que fomentan o autoconhecimento, e a conciencia corporal.		X		PROCEDEMENTOS: análise das producións do alumnado. 50% INSTRUMENTOS: producións motrices.	▪ CCEC ▪ CAA
	AEDB2.2.3. Colabora co grupo e respecta as regras fixadas para lograr un resultado acorde coas súas propias posibilidades.	Colabora co grupo e respecta as regras fixadas.	X	X	X	PROCEDEMENTOS: observación sistemática. 20% INSTRUMENTOS: escalas de observación.	▪ CSC ▪ CSIEE
B2.3.	AEDB2.3.1. Utiliza con rigor os elementos e as calidades do movemento na improvisación teatral.	Utiliza os elementos do movemento na improvisación teatral.		X		PROCEDEMENTOS: análise das producións do alumnado. 50% INSTRUMENTOS: xogos de simulación e dramáticos.	▪ CCEC ▪ CAA
	AEDB2.3.2. Utiliza a improvisación como medio para explorar a situación, o conflito, o personaxe e a acción.	Utiliza a improvisación como medio para explorar o conflito e o personaxe.		X		PROCEDEMENTOS: análise das producións do alumnado. 50% INSTRUMENTOS: xogos de simulación	▪ CCL ▪ CAA
	AEDB2.3.3. Utiliza a improvisación como técnica de creación dramática e teatral.	Utiliza a improvisación como técnica de creación dramática.		X		PROCEDEMENTOS: análise das producións do alumnado. 50% INSTRUMENTOS: xogos de simulación e dramáticos.	▪ CAA ▪ CCEC
B2.4.	AEDB2.4.1. Participa nas actividades de grupo.	Participa habitualmente nas actividades de grupo.	X	X	X	PROCEDEMENTOS: observación sistemática. 20% INSTRUMENTOS: escalas de observación.	▪ CSC ▪ CSIEE
	AEDB2.4.2. Interpreta e memoriza un repertorio	Interpreta un repertorio variado		X		PROCEDEMENTOS: análise das producións	▪ CAA

	variado de teatro en grupo.	de teatro en grupo.				do alumnado. 50% INSTRUMENTOS: produccións motrices.	▪ CMCCT
Bloque 3. Danza							
B3.1.	AEDB3.1.1. Recoñece, clasifica e sitúa no tempo, na cultura e no estilo as danzas e os espectáculos vistos previamente na aula.	Recoñece e sitúa e no estilo as danzas e os espectáculos vistos previamente na aula.			X	PROCEDEMENTOS: Proba escrita. 30% INSTRUMENTOS: Cuestionario pechado.	▪ CCEC ▪ CCL ▪ CD
B3.2.	AEDB3.2.1. Interpreta e memoriza un repertorio variado de danzas en grupo.	Interpreta un repertorio variado de danzas en grupo.			X	PROCEDEMENTOS: análise das producións do alumnado. 50% INSTRUMENTOS: produccións motrices.	▪ CAA ▪ CMCCT
	AEDB3.2.2. Integra pautas de conciencia corporal e de control de movemento traballadas na aula.	Integra pautas de conciencia corporal traballadas na aula.			X	PROCEDEMENTOS: observación sistemática. 20% INSTRUMENTOS: escalas de observación.	▪ CAA ▪ CCEC
B3.3.	AEDB3.3.1. Utiliza con rigor os elementos e as calidades do movemento na improvisación da súa danza.	Utiliza os elementos e as calidades do movemento na improvisación da súa danza.			X	PROCEDEMENTOS: análise das producións do alumnado. 50% INSTRUMENTOS: xogos de simulación e dramáticos.	▪ CCEC ▪ CAA
	AEDB3.3.2. Elabora e presenta con rigor e precisión pequenas estruturas coreográficas, en grupos pequenos, medianos e grandes.	Elabora pequenas estruturas coreográficas, en grupos pequenos, medianos e grandes.			X	PROCEDEMENTOS: análise das producións do alumnado. 50% INSTRUMENTOS: produccións motrices.	▪ CAA ▪ CCL ▪ CSIEE
Bloque 4. Outras artes escénicas							
B4.1.	AEDB4.1.1. Recoñece e describe as artes escénicas e as súas manifestacións.	Recoñece as artes escénicas e as súas manifestacións.			X	PROCEDEMENTOS: proba escrita. 30% INSTRUMENTOS: cuestionario.	▪ CCL ▪ CAA ▪ CSIEE
	AEDB4.1.2. Recoñece e diferencia as artes escénicas no seu conxunto, en función das súas características específicas e singulares.	Diferencia as artes escénicas no seu conxunto, en función das súas características.			X	PROCEDEMENTOS: Proba escrita. 30% INSTRUMENTOS: cuestionario.	▪ CCEC ▪ CAA

CONCRECIÓNS METODOLÓXICAS.

Incorporaranse **propostas metodolóxicas** coherentes co desenvolvemento das competencias, as cales se integrarán co resto de elementos curriculares. Propóñense novos enfoques na aprendizaxe e avaliación que han de supoñer un cambio no papel do alumnado como protagonista da súa aprendizaxe. A competencia contéplase como coñecemento na práctica, un coñecemento adquirido a través da participación activa na realización de tarefas. O rol do docente orientarase ao deseño de situacións de aprendizaxe que favorezan a aplicación dos coñecementos aprendidos polo alumnado. A aprendizaxe competencial requirirá a integración dos diversos modos de ensinar e o uso de diferentes **métodos activos** de ensinanza: o traballo cooperativo, a aprendizaxe baseada en proxectos, o estudo de casos, etc.

As artes escénicas traballaránse desde un enfoque principalmente práctico e vivencial, que contemple diferentes formas de abordar os contidos e superar as dificultades. Considerarase cada individuo na súa totalidade, teranse en conta os seus intereses, as súas características físicas e vocais, a súa personalidade, o seu estado anímico, etc. Un aspecto fundamental é a integración de todo o alumnado e a creación dun bo ambiente de traballo. Para isto, fomentarase o diálogo constante na aula e a reflexión compartida a partir da propia experiencia.

Os diferentes bloques de contidos non seguirán unha orde cronolóxica na secuenciación do curso, senón que se interrelacionarán, traballando nunha mesma sesión contidos de diferentes bloques. Así pois, un exemplo de sesión dentro do eixo expresivo podería empezar por unha posta a punto e sensibilización, seguida de exercicios de movemento e expresividade vocal e corporal, improvisacións dramáticas e/ou coreográficas e finalizar coa reflexión e posta en común do traballado.

Nestas sesións utilizarase a disposición circular, e a profesora participará das actividades como unha persoa máis, mostrando, en definitiva, que está tamén inmersa nun proceso de busca e aprendizaxe constante. Desta maneira, a profesora convértese nun referente de implicación e desinhibición, o cal resulta fundamental para xerar confianza e cohesión no grupo, e favorecer que o alumnado tome conciencia da súa propia responsabilidade no proceso de aprendizaxe e aumente o seu grao de autonomía.

METODOLOXÍA DAS ARTES ESCÉNICAS E DA DANZA.

As estratexias específicas propias da dramatización están baseadas na concepción do obradoiro como un espazo de creación, reflexión e intercambio de ideas.

1. Obradoiro de artes escénicas e danza.

O modelo de obradoiro que propoñemos baséase sobre catro variables: as fases do proceso creativo, o proceso de representación artística e os momentos da clase ou obradoiro didáctico.

• **Proceso creador.**

Nas actividades escénicas séguense os mesmos pasos que en calquera actividade creadora. Catro fases neste proceso:

Preparación: situar a persoa no clima favorable e cos medios adecuados para crear.

Incubación: elaboración interna de ideas; provisión de información e tenteo, análise da situación e procura de solucións múltiples.

Iluminación: representación da nova idea ou fixación da mellor solución encontrada.

Revisión: avaliación dos resultados; experimentación, corrección e posta en práctica.

- **Proceso expresivo.**

Os procesos expresivos articúlanse, desde unha óptica construtivista e experiencial, sobre estas palabras clave: percibir, sentir, facer, reflexionar.

Percibir. Estar á escoita de un mesmo e do entorno. Supón a dispoñibilidade da persoa a deixarse impregnar polos estímulos do entorno físico e humano e permitir que xurdan as imaxes que estes inducen. Isto implica un estado de dispoñibilidade nos planos cognitivo, motriz e afectivo.

Desde o punto de vista didáctico, nesta fase a tarefa do profesor consiste en crear un clima de calma, de escoita consciente e mirada activa, unha atmosfera dinámica e estimulante; ofrecer un amplo abano de experiencias sensoriais; axudar a tomar conciencia de un mesmo e da realidade exterior. Os exercicios e actividades de relaxación, de concentración, de percepción sensorial, de observación inclúense dentro desta fase.

Sentir. É equivalente a pensar co corpo. Segundo Root- Bernstein, o pensamento corporal ten lugar a través das sensacións e a conciencia dos nosos nervios, músculos e pel. O proceso creativo non é só facer un traballo exterior senón interior. É sentir o corpo e expresarse corporalmente sentindo.

Facer. A persoa pon en acción as súas imaxes interiores, elabóraas a partir dun estímulo e comunica o seu mundo interior. Este facer débese orientar en dúas direccións: a exploración e a actualización.

- A **exploración** é un período de ensaios múltiples, de lanzamento de propostas diversas. Nesta fase as actividades propostas poñen o acento sobre os medios e os instrumentos cos que se realiza a aprendizaxe das distintas linguaxes.
- A **actualización** é a etapa de elixir, de organizar, de arrincar. Momento no que a creación emerxe a partir das propostas expostas. É a fase por excelencia da expresión-comunicación. A actividade base deste período é a improvisación articulada sobre distintas situacións.

Reflexionar. Trátase de dispoñer dun momento de pausa para volver sobre a actividade realizada e apropiarse da experiencia vivida. É o momento da análise, da volta sobre o que xa se viviu e de tomar conciencia dos medios utilizados para expresarse.

A área da expresión – e calquera acto de ensinanza aprendizaxe – é o espazo das catro 'c':

- Primeiro hai que reaccionar cos sentidos (corpo).
- Despois cos sentimentos e as emocións (corazón).
- Para terminar coa reflexión, o coñecemento e a vontade (cerebro).
- Sobre uns contidos culturais compartidos (cultura).

2. Momentos no obradoiro e actividades.

A estrutura base dunha clase ou obradoiro de dramatización e espectáculos de danza pódese concretar nas seguintes partes:

- a) **Posta en marcha.**
- b) **Relaxación.**
- c) **Expresión-comunicación.**
- d) **retroacción.**

Cada unha delas ten unha duración distinta. O núcleo central será normalmente a fase de expresión-comunicación. O tempo dedicado a cada una pode ser tamén variable. Así, pódese abreviar a posta en marcha se o grupo está cansado ou saltar a relaxación se a terceira parte empeza con actividades suaves, ou ben utilizar a relaxación ao final se a clase foi moi fatigosa, ou, mesmo, centrar toda a clase na posta en marcha, se a situación do grupo así o demanda. Polo tanto, estas partes son referenciais, pode non necesitarse algunha delas. Este modelo serve tanto para preparar unha clase como para facer a análise da mesma ou para facer unha planificación a longo prazo.

a) A posta en marcha. Esta fase de arranque é indispensábel, pois grazas a ela créase un clima lúdico que permite o traballo posterior. Nela establécese e favorece o contacto co aquí e agora do lugar onde se realiza a clase, cos outros participantes e co profesor.

As tarefas específicas deste apartado son os xogos preliminares e comprenden, entre outras: actividades que favorecen o contacto entre os participantes, de quecemento físico, de desinhibición, de atención e concentración, de percepción e memoria sensorial, de imaxinación, etc.

A finalidade desta fase é: motivar, relacionar o grupo, propoñer metas adaptadas ás capacidades e niveis de relación e grupo, comprobar a disposición do grupo a traballar, conectar as propostas da profesora cos intereses do alumnado, etc.

b) Relaxación. A relaxación permite a distensión muscular, provoca benestar físico, produce unha boa respiración e favorece a toma de conciencia e a concentración. O benestar resultante é tanto físico como psicolóxico, de onde se deriva unha dispoñibilidade das persoas participantes favorecedora da súa expresión. As actividades de relaxación poden tomar diferentes formas de acordo coas técnicas empregadas: masaxe e automasaxe, exercicios respiratorios, relaxación progresiva (tensión-distensión), relaxación por concentración autóxena, relaxación por movemento pasivo, relaxación por accións inusuais, relax imaxinativo, etc.

c) Expresión-comunicación. Nesta fase é onde se fai unha utilización máis global da linguaxe da dramatización, permitindo aos participantes manifestar dunha maneira activa a súa asimilación e comprensión.

As actividades que se han de propoñer serán lúdicas para que propicien a ocasión de explorar certas posibilidades do corpo, da voz ou do entorno, e para que o alumnado adquira un maior dominio, soltura, confianza e habilidade.

Aquí inclúense as actividades de **Improvisación e Exploración**:

- **Improvisacións non Verbais**, nas que para elaborar a acción recórrase á mímica, ao xesto, á postura, á interacción co outro mediante a expresión corporal.
- **Improvisacións Verbais**, nas que se pon o acento no emprego da comunicación pola palabra e no xogo cos elementos do son.
- **Improvisacións Verbais e Xestuais**, nas que se esixe a utilización simultánea da linguaxe verbal e da expresión corporal.
- **Exploración do Corpo** (toma de conciencia segmentaria dos elementos do esquema corporal).
- Do **Movemento** (motricidade global e motricidade fina).
- Da **Voz**.
- Dos **Obxectos**.
- Do **Espazo**.
- E **Exploración e Utilización dos Distintos Soportes** que desencadean a expresión.

En síntese, son actividades sobre os instrumentos e materiais cos que se articula a linguaxe dramática e corporal expresiva e céntranse en traballos realizados individualmente, por parellas ou en micro grupo.

d) Retroacción. Fase de comentario e valoración da actividade realizada polo grupo.

Consiste na verbalización das vivencias habidas durante as fases anteriores, en compartir as ideas e as emocións experimentadas. A retroacción ten como función desenvolver a toma de conciencia, establecer unha comunicación verbal e obter un feed-back (retroalimentación). É importante ao finalizar o traballo de expresión tomar a palabra, pois esta pode abrir, engadir, enriquecer a acción e a expresión.

As actividades de reflexión sóense realizar baixo algún dos seguintes formatos:

- Actividades de interiorización.
- Verbalización simple (cada alumno por quenda comenta a actividade) e intercambio verbal (coméntase e analízase a actividade con intervencións libres).
- Transposición a outras formas de expresión (escritura, debuxo, collage, expresión corporal, canción, danza, etc.) das imaxes, emocións, sensacións ou ideas xurdidas durante as fases do obradoiro.
- Presentación ante o grupo dunha actividade avaliadora realizada por un equipo.

É fácil observar a correspondencia existente entre as dúas variables analizadas: o proceso de representación e os momentos da clase. Ambas se centran nunha mesma realidade; pero mentres que a primeira a enfoca desde a perspectiva do porqué, da finalidade; a segunda faino desde o que, desde os contidos. Ao poñer en relación as fases do proceso dramático e os momentos da clase temos os tipos de actividades e tarefas propias da Dramatización.

3. Fórmulas para propoñer as tarefas: a consigna iniciadora do xogo, e a técnica da mestura.

As fórmulas utilizadas para incitar os participantes a realizar as tarefas propostas polo profesor coñécense como **consignas** ou proposicións: é importante converter as consignas en invitacións e evitar a consigna-orde, excesivamente dirixista.

As consignas poden ser abertas e pechadas, fáciles e complexas, xerais e concretas, directas e indirectas, individuais e por parellas, para realizar en grupos ou dirixidas a toda a clase. Aprender a combinalas para crear un ritmo determinado ou para poder improvisar nun momento dado é unha cuestión persoal do profesorado. Pero o importante é que dispoñamos dun banco delas para poder escoller as máis adecuadas a cada momento do obradoiro, xa que unha secuenciación oportuna vai determinar o ritmo do que queiramos dotar o obradoiro.

Ao analizar as consignas temos de pensar se os estímulos que nelas incorporamos son suficientemente claros para que o destinatario as comprenda e poida realizar aquilo que a profesora, en tanto que emisora, espera conseguir. Por outra parte, á hora de propoñer a consigna deberemos procurar non dar tanta información que a faga confusa, senón ofrecer a suficiente para que se entenda e incite nos participantes o desexo de realizala.

Toda consigna ha de estar sustentada na hipótese do n+1, é dicir, sempre hai unha posibilidade diferente de facer as cousas. Agora ben, o respecto á consigna ha de ser unha actitude creativa básica pois como ben dicía Umberto Eco “para crear hai que poñerse barreiras”, e a barreira, que é o reto, a constrición ou traba formal vén expresada na consigna.

A técnica da mestura é a posta en práctica de todo tipo de combinación posible:

- Do alumnado como protagonista das actividades (individualmente, parellas, pequeno grupo, gran grupo).
- Dos ritmos das actividades propostas (lento, normal, rápido).
- Do nivel de dificultade formal das actividades (alto, medio, baixo).
- Do tempo invertido.
- Dos espazos e dos tipos de habilidades requiridas.

Nos obradoiros deberemos propoñer continuos cambios e combinacións non só como estratexia de dinámica de grupo senón como fórmula para introducir o azar e crear sorpresa e novidade constantemente renovada.

O enfoque do **teatro** como un discurso significativo e o tratamento dos textos con procedementos de dinamización permítennos contemplar unha serie de tarefas coa finalidade de desenvolver a competencia literaria, lingüística e semiolóxica do alumnado e favorecer o seu achegamento ao teatro como feito cultural. Relacionámolas ordenadas polo grao de implicación que esixen do alumnado.

- *Lectura*: actividade que conduce á sensibilización respecto ao discurso teatral.
- *Análise*: como comentario de textos ou como preparación a unha posible posta en escena.
- *Asistencia a representacións*: a mellor forma de iniciar o alumnado na linguaxe teatral.
- *Crítica*: destinada a desenvolver a reflexión e a opinión.
- *Actividades interdisciplinares*: previas ou a continuación da asistencia a unha representación, son a ponte que une as disciplinas escolares.
- *Posta en escena* (montaxe dunha obra teatral): é a culminación do proceso de coñecemento do teatro.

- *Creación e recreación*: a escrita permite ao alumnado traballar un tema e desenvolvelo coa axuda da linguaxe teatral.

MATERIAIS E RECURSOS DIDÁCTICOS.

Tanto a danza como o teatro son manifestacións expresivas que utilizan o movemento corporal e as posibilidades xestuais. Son artes nas que nós mesmos somos o material do cal están feitas. O alumnado utilizará roupa cómoda que permita todo tipo de movementos.

O profesor dispoñerá dun banco de consignas para a realización do obradoiro. Ademais dispoñeráse dunha ampla gama de **recursos didácticos materiais**, desde unha aula ampla onde poder desprazarse comodamente, chan acondicionado ou esteiras para o traballo de chan, material audiovisual e bibliográfico, equipo de son, etc. Fornecerase o alumnado cun caderno ad hoc con conceptos básicos e teoría referida á historia do teatro e a danza.

CRITERIOS SOBRE AVALIACIÓN.

A **avaliación** ha de ser un proceso continuo de obtención de información para a toma de decisións sobre a mellora do binomio ensino/aprendizaxe. Os criterios de avaliación incluírán procesos de diferente complexidade e farán referencia a contidos de distinto tipo. Estarán redactados como resultados de aprendizaxe co obxecto de posibilitar a súa avaliación en contextos reais, e fornecerán detalles sobre a natureza da execución, o que facilitará o deseño das situacións e probas de avaliación.

Criterios de avaliación Bloque 1. Común

B1.1. Expor de forma crítica a opinión persoal respecto da función das artes escénicas (danza, teatro, circo, ópera, etc.) e a súa importancia como medio de expresión de sentimentos, emocións, ideas e sensacións.

B1.2. Apreciar a importancia do patrimonio español e galego en artes escénicas, e comprender o valor de conservar e transmitir o seu legado.

B1.3. Explicar o papel da danza e do teatro para a mellora da saúde física e psíquica a través da súa propia experiencia.

B1.4. Realizar unha reflexión sobre os espectáculos de danza, teatro e outras artes escénicas.

B1.5. Desenvolver capacidades e destrezas lingüísticas orais e escritas, non verbais, xestuais e mímicas que aumenten o acervo expresivo e o repertorio comunicativo.

B1.6. Xerar recursos para desenvolver un maior coñecemento de si mesmo/a e unha personalidade autónoma e independente.

Bloque 2. Teatro

B2.1. Explicar os estilos e as formas de teatro: textual, xestual, de obxectos, musical e lírico.

B2.2. Interpretar nun espazo escénico unha peza teatral onde se valoren as destrezas e as habilidades adquiridas.

B2.3. Demostrar a capacidade para improvisar unha secuencia de movementos, libres ou cun fin determinado e valorar a importancia da improvisación teatral.

B2.4. Integrarse en dinámicas de grupo creativas que fomenten un comportamento social, solidario, tolerante, responsable e asertivo que lle axude a superar inhibicións, medos e obstáculos

comunicativos.

Bloque 3. Danza

B3.1. Explicar os estilos (clásica, moderna, española e baile flamenco) e as formas de danza (étnicas e populares), en función da historia e das especialidades educativas.

B3.2. Interpretar en grupo danzas a través da aprendizaxe de coreografías, memorizadas e ensaiadas ao longo do curso.

B3.3. Demostrar a capacidade para improvisar unha secuencia de movementos, libres ou cun fin determinado, e valorar a importancia da improvisación en danza.

Bloque 4. Outras artes escénicas

B4.1. Explicar as características doutras artes escénicas, a súa evolución ao longo da historia e o seu papel na sociedade.

Instrumentos para a avaliación

Por outra banda, os **instrumentos de avaliación** serán variados en función do tipo de contidos a avaliar (observación diaria, rúbricas, mostra de prácticas e procesos, entrevista, escala de valoración, anecdotario, informes de autoavaliación persoal e colectiva, etc.) e contemplar a particularidade de cada alumno, evitando as probas homoxéneas.

Dada a natureza creativa expresiva do ensino-aprendizaxe da dramatización e da danza, empregaranse procedementos basicamente cualitativos pero que responden ao rigor e obxectividade que require a tarefa de avaliar as aprendizaxes dos alumnos e alumnas con fiabilidade e validez. Entre eles cabe destacar:

- A observación como fonte primeira e básica para obter datos por parte do profesor.
- A entrevista, que permite obter datos sobre aspectos máis difíciles de observar externamente, a través de conversas máis ou menos informais.
- A análise de tarefas, que se realiza basicamente na fase de retroacción.
- A triangulación, que posibilita o contraste de datos obtidos por varios profesores ou profesoras.
- As escalas de valoración coas que a profesora recolle e valora as aprendizaxes.
- Os anecdotarios, onde se anotan os feitos significativos da conduta dun alumno ou alumna ao longo dun período determinado.
- As listas de control, nas que se acumulan datos terminais sobre os obxectivos alcanzados polo conxunto dun grupo.

Este modelo de avaliación ofrece unha abundante información sobre o desenvolvemento individual e social do alumnado e permite elaborar, con certa facilidade, informes descritivos acerca do progreso que paulatinamente se produce en cada suxeito.

O fin último da dramatización/teatro/danza é o desenvolvemento do alumnado e non as producións. O profesor asegurarse de que a creación, presente nas producións, sexa adecuada aos intereses daqueles e ás súas experiencias vitais. Trátase de levar un seguimento sobre o conxunto da práctica nos obradoiros e non sobre o resultado final.

A medida da avaliación apuntará ao proceso de improvisación e creación. Os criterios que se utilizarán para a promoción do alumnado son os de participación, implicación, autonomía e asiduidade.

É importante recordar que a avaliación ha de ser entendida como a recollida de información necesaria

sobre o alumnado, profesorado e desenvolvemento curricular e demais elementos que interveñen no proceso educativo para a súa posterior análise cuantitativa e cualitativa de maneira que se poida diagnosticar a situación e elaborar xuízos de valor co obxecto de facilitar a toma de decisións de cara á optimización. Avaliase para coñecer a realidade, para valorala, para tratar de melloralala e para render contas.

Desde as artes escénicas exploráranse as múltiples posibilidades de encontro co resto de áreas e linguaxes, para deseñar tarefas integrais multidisciplinares. A **interdisciplinariedade** é un dos aspectos clave na práctica da aula. O traballo en equipo do profesorado e a realización de proxectos creativos compartidos aportan un gran valor educativo. Por iso, as artes escénicas ofrecen o marco idóneo para o traballo conxunto dun profesorado que considera o alumnado como o verdadeiro protagonista da educación.

INDICADORES DE LOGRO PARA AVALIAR O PROCESO DO ENSINO E A PRÁCTICA DOCENTE.

Para a avaliación da práctica docente distinguiremos **cinco ámbitos**.

1. Motivación por parte do profesorado cara á aprendizaxe do alumnado.
2. Planificación da programación didáctica.
3. Estrutura e cohesión no proceso de ensino/aprendizaxe.
4. Seguimento do proceso de ensino/aprendizaxe.
5. Avaliación do proceso.

Valoración:

D: Deficiente. / L: Limitado. / B: Bo. / E: Excelente.

1. MOTIVACIÓN POR PARTE DO PROFESOR CARA Á APRENDIZAXE DO ALUMNADO.

INDICADORES DE LOGRO	VALORACIÓN			
	D	L	B	E
Motivación inicial do alumnado				
Presento ao principio de cada sesión un plan de traballo, explicando a súa finalidade.				
Comento a importancia do tema para as competencias e formación do alumnado.				
Deseño situacións introdutorias previas ao tema que se vai tratar (traballos, diálogos, lecturas...)				
Relaciono os temas da materia con acontecementos da actualidade.				
Motivación durante o proceso				
Manteño o interese do alumnado partindo das súas experiencias, cunha linguaxe clara e adaptada.				
Dou información dos progresos conseguidos e das dificultades atopadas.				
Relaciono con certa frecuencia os contidos e actividades cos intereses e coñecementos previos do alumnado.				
Fomento a participación do alumnado nos debates e argumentos do proceso de ensino.				
Presentación dos contidos				
Reflexiono se os contidos son os indicados para o alumnado.				
Estruturo e organizo os contidos dando unha visión xeral de cada tema (guións, mapas conceptuais, esquemas...)				

2. PLANIFICACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA.

INDICADORES	VALORACIÓN			
	D	L	B	E
Compoñentes da programación didáctica.				
Teño establecido que cada programación didáctica está estruturada por unidades didácticas.				
Realizo a programación didáctica da miña área/materia tendo como referencia a concreción curricular do centro.				
Deseño a unidade didáctica baseándome nas competencias básicas que debe adquirir o alumnado.				
Formulo os obxectivos didácticos de maneira que expresan claramente as habilidades que o meu alumnado debe conseguir como reflexo e manifestación da intervención				
Selecciono e secuencio os contidos da miña programación de aula atendendo á adecuación ás características de cada grupo de alumnas e alumnos.				
Analizo e deseño dentro da programación didáctica as competencias básicas necesarias para a área ou				
Establezo de modo explícito os criterios, procedementos e instrumentos de avaliación e autoavaliación que permiten facer o seguimentos do progreso do alumnado e comprobar o grao de adquisición das aprendizaxes.				
Planifico a miña actividade educativa de forma coordinada co resto do profesorado (xa sexa por nivel, ciclo, departamento, equipos educativos e profesorado de apoio).				
Coordinación docente	D	L	B	E
Adopto estratexias e técnicas programando actividades en función dos obxectivos didácticos, en función das CC BB, en función dos distintos tipos de contidos e en función das características do alumnado.				
Estou levando á práctica os acordos de ciclo ou departamento para avaliar as competencias básicas así como os criterios de avaliación das áreas ou materias.				

3. ESTRUCTURA E COHESIÓN NO PROCESO DE ENSINO/APRENDIZAXE.

INDICADORES	VALORACIÓN			
	D	L	B	E
Actividades no proceso				
Deseño actividades que aseguran a adquisición dos obxectivos didácticos previstos e as habilidades e técnicas instrumentais básicas.				
Propoño ao meu alumnado actividades variadas: de introdución, de motivación, de desenvolvemento, de síntese, de consolidación, de recompilación, de ampliación, de avaliación.				
Facilito a adquisición de novos contidos a través de metodoloxías diversas: traballo cooperativo, traballo individual, lección maxistral...				
Estructura e organización da aula	D	L	B	E
Distribúo o tempo adecuadamente: breve tempo de exposición e o resto do tempo para as actividades que o alumnado realiza na clase.				
Adopto distintos agrupamentos en función do momento, da tarefa a realizar, dos recursos a utilizar...etc., controlando que o clima de traballo sexa o adecuado.				
Utilizo recursos didácticos variados: audiovisuais, informáticos, técnicas de aprender a aprender, etc., tanto para a presentación dos contidos como para a práctica do alumnado, favorecendo o uso autónomo dos mesmos.				
Cohesión no proceso ensino/aprendizaxe.	D	L	B	E

Comprobo, de diferentes maneiras, que o alumnado comprende a tarefa que ten que realizar: facendo preguntas, facendo que verbalicen o proceso.				
Facilito estratexias de aprendizaxe: como solicitar axuda, como buscar fontes de información, pasos para resolver problemas... dou ánimos e aseguro a participación de todos.				

4. SEGUIMIENTO DO PROCESO DE ENSINO/APRENDIZAXE.

INDICADORES	VALORACIÓN			
	D	L	B	E
Seguimento do proceso de ensino/aprendizaxe				
Reviso e corrijo frecuentemente os contidos, actividades propostas (dentro e fóra da aula), adecuación dos tempos, agrupamentos e materiais utilizados.				
Proporciono información ao alumnado sobre a execución das tarefas e como pode melloralas e favorezo procesos de autoavaliación e coavaliación.				
De haber obxectivos insuficientemente conseguidos, propoño novas actividades que faciliten a súa adquisición.				
Se os obxectivos están suficientemente conseguidos, propoño novas actividades que faciliten un maior grao de				
Contextualización do proceso.	D	L	B	E
Teño en conta o nivel de habilidades do alumnado, os seus ritmos de aprendizaxe, o grao de motivación, etc., e en función deles adapto os distintos momentos do proceso ensino/aprendizaxe (motivación, contidos, actividades...)				
Coordínome con outros profesionais para modificar e/ou adaptar contidos, actividades, metodoloxía, recursos...: profesores de apoio, PT, departamentos de				
Adapto o material didáctico e os recursos ás características e necesidades do alumnado, realizando traballos individualizados e diferentes tipos de actividades e exercicios.				
Busco e fomento interaccións entre o profesorado e o alumnado.				
O alumnado séntese responsábel na realización das actividades.				
Propoño traballo en grupo para analizar as interaccións entre o alumnado.				

5. AVALIACIÓN DO PROCESO.

INDICADORES	VALORACIÓN			
	D	L	B	E
Criterios de avaliación				
Aplico os criterios de avaliación de acordo coas orientacións da concreción curricular.				
Cada unidade didáctica ten claramente establecido os criterios de avaliación.				
Utilizo criterios de avaliación que atenden de maneira equilibrada a avaliación dos diferentes contidos.				
Instrumentos de avaliación	D	L	B	E
Utilizo sistematicamente instrumentos variados de recollida de información: rexistro de observacións, carpeta do alumnado, ficha de seguimento, diario de clase...				
Corrijo e explico os traballos e actividades do alumnado e dou pautas para a mellora das súas aprendizaxes.				
Uso estratexias e procedementos de autoavaliación e coavaliación en grupo que favorezan a participación do alumnado na avaliación.				

Utilizo diferentes técnicas de avaliación en función da diversidade do alumnado, das diferentes áreas/materias, das U.D., dos contidos...				
Uso diferentes instrumentos de avaliación para coñecer o rendemento académico do alumnado: probas orais e/ou escritas, portafolios, rúbricas, observación directa...				
Utilizo diferentes medios para informar a nais/pais, profesorado e alumnado dos resultados da avaliación: sesión de avaliación, boletín de información, reunións colectivas, entrevistas individuais, asembleas de clase...				
Utilizo os resultados da avaliación para modificar os procedementos didácticos e mellorar a miña intervención docente.				
Realizo diferentes rexistros de observación para realizar a avaliación: notas no caderno do profesor, ficheiro, rexistro de datos, rexistro anecdótico...				
Tipos de avaliación	D	L	B	E
Realizo unha avaliación inicial a principio de curso para axustar a programación na que teño en conta o informe final do titor anterior, o doutros profesores, o do equipo de orientación...				
Contemplo outros momentos de avaliación inicial: no comezo dun tema, dunha unidade didáctica...				

DESEÑO DA AVALIACIÓN INICIAL E MEDIDAS INDIVIDUAIS OU COLECTIVAS QUE SE POIDAN ADOPTAR COMO CONSECUCENCIA DOS SEUS RESULTADOS.

No proceso de avaliación inicial atenderase máis aos posíbeis recursos e capacidades de alumnas e alumnos que ás posíbeis deficiencias que presenten, aínda que sen esquecer estas. Parece ser máis produtivo **analizar as expectativas e intereses**, as potencialidades que posúen alumnas e alumnos co fin de proporcionarlles unha educación adaptada a elas e eles, que simplemente constatar o baixo nivel que posúen.

Desde este suposto o primeiro que convén **explorar e coñecer son as actitudes de alumnas e alumnos** fronte á materia e aos grandes temas que poden tratarse desde un punto de vista disciplinar. O coñecemento destas actitudes proporcionará datos valiosos para organizar unhas actividades que fomenten a motivación por aprender.

En segundo lugar, interesa **coñecer as capacidades de alumnos e alumnas** en relación aos procedementos. Interesará coñecer o desenvolvemento de capacidades xerais (lectura, escritura, identificación, análise, ...) xa que teñen unha influencia en todas as áreas. Ademais, deberase coñecer o grao de dominio dos procedementos básicos da materia que caben ser considerados como pre-requisitos na área; isto permitirá iniciar algunhas medidas de reforzo en caso necesario.

En terceiro lugar, tratarase de **explorar a alumnas e alumnos** nos procedementos centrais da área, aínda que só sexa a modo de anticipación respecto ao que será o traballo na materia ao longo do curso: presentacións, xogos dramáticos, xestualidade, xogos de voz, coreografías...

Ademais, **indagarase acerca dos graos de dominio** en relación aos conceptos. Neste caso

observarase non só a adquisición ou non de determinados conceptos relacionados coa materia, senón os procesos seguidos por alumnos e alumnas que os teñan levado a concepcións erróneas.

Os instrumentos para recoller a información relevante para a avaliación inicial serán variados. O obxectivo que guiará a súa selección e utilización é que nos permita coñecer algo das posibilidades e recursos de alumnos e alumnas e sirvan para detectar pronto problemas e dificultades de aprendizaxe nalgún alumnado.

Unha proba oral: lectura dun texto teatral para detectar o coñecemento de procedementos e conceptos básicos da materia.

Como complemento á proba escrita traballarase en grupos de debate, en **técnicas en pequeno grupo**, etc, o que nos indicará as tendencias xerais do grupo de alumnas e alumnos. A observación do alumnado e a anotación nun rexistro (escrito, de audio, de video, ...) daranos información individualizada.

Outro instrumento que se utilizará é **a entrevista**, que poderá realizarse de modo formal ou informal, ou simplemente mediante preguntas na aula.

Unha parte importante da información obterase da **autoavaliación** de alumnos e alumnas.

MEDIDAS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE.

A avaliación inicial realizarase a comezos de curso xa que pode facilitar pautas para a adaptación do proxecto curricular ás características e necesidades de alumnas e alumnos. Dedicaranse varias sesións para alcanzar un coñecemento o máis exhaustivo posíbel das características do grupo.

En función dos resultados das distintas probas da avaliación inicial e logo da posta en común do profesorado na sesión de avaliación correspondente, adoptaranse as medidas de atención á diversidade individuais e colectivas que se consideren necesarias

ELEMENTOS TRANSVERSAIS.

En canto aos **elementos transversais**, están implícitos dalgunha maneira con diversos contidos e criterios de avaliación da área.

A **Comprensión lectora**, así como a **Expresión oral** e a **Expresión escrita** están presentes en canto que reforzan e complementan, desde a linguaxe verbal, os procesos de adquisición das linguaxes escénicas.

Respecto á **Comunicación audiovisual** está moi presente pola existencia de numerosos recursos específicos en soporte audiovisual.

Igualmente, elementos como o **Emprendemento** e a **Educación cívica e constitucional** trabállanse mediante a realización de proxectos diversos nos que o traballo colaborativo é a metodoloxía clave e nos que o respecto e os valores cívicos son esenciais para alcanzar un bo resultado.

A área contribúe tamén a desenvolver outros elementos transversais como o coidado da saúde física, mental e emocional, o respecto á diversidade cultural, a sensibilización cara aos estereotipos de xénero e os diferentes roles sociais ao longo da historia.

ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES.

Asistencia a representacións teatrais, de ópera e danza.

Visita guiada á Escola Superior de Arte Dramática Galega.

Visita a produción de Eventos Musicais realizados tanto na Rúa como en Auditorios.

MECANISMOS DE REVISIÓN AVALIACIÓN E MODIFICACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA.

Ao finalizar cada unidade didáctica propónse unha secuencia de preguntas que permitan avaliar o funcionamento do programado na aula e establecer estratexias de mellora para a propia unidade.

ASPECTOS A AVALIAR	A DESTACAR...	A MELLORAR...	PROPOSTAS DE MELLORA PERSOAL
Temporización das unidades didácticas			
Desenvolvemento dos obxectivos didácticos			
Manexo dos contidos da unidade			
Descritores e desempeños competenciais			
Realización de tarefas			
Estratexias metodolóxicas seleccionadas			
Recursos			

Claridade nos criterios de avaliación			
Uso de diversas ferramentas de avaliación			
Portofolio de evidencias dos estándares de aprendizaxe			
Atención á diversidade			
Interdisciplinariedade			
Concreción curricular			